

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE MAIO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 14 de maio de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 10 de maio (orde do día ampliado o 13 de maio), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Carla Candia Paz (asiste aos puntos 8a e 4a)
D. Secundino Otero Faílde (asiste aos puntos 2a e 3a)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste aos puntos 8b e 4b)
D. Gilberto Moldes Crespo (asiste aos puntos 5a e 12a)
D. Óscar Couce Senra, vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste ao punto 10b)
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste ao punto 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306) (emenda sobre 1)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 8 de maio de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a D^a. MÓNICA VILLAR RAMIRO para que emendase a documentación persoal. A citada licitadora non presentou documentación ningunha no prazo concedido.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade:

a) Non admitir neste procedemento a D^a. MÓNICA VILLAR RAMIRO por non ter



emendado, no prazo concedido, a documentación presentada no sobre 1 segundo os requisitos de presentación previstos na cláusula sexta (punto 2 do apartado A) do prego de cláusulas administrativas particulares.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306) (sobre 2)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre 2 "Modelo de quiosco proposto" dos licitadores presentados e admitidos.

Á vista da documentación presentada compróbase que os licitadores concorren aos seguintes lotes:

	Licitador	Lote/s
1	MARIA FRANCISCO TOURIÑO	3 e 8
2	ADMINISTRACIÓN DE PLAYAS, S.L.	2, 4, 5, 9 e 11
3	ESTELA RIAL ABALDE	*
4	OBDULIA LASTRA FRANCISCO	4 e 5
5	RICARDO SANTIAGO DAPONTE	6, 7 e 10
6	MANUEL LAGO CHAPELA	1, 7, 9, 10 e 11

* ESTELA RIAL ABALDE non indica lote/s.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación dun novo sistema de depuración de auga para as piscinas das zonas verdes de Samil (11.813-446)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L., SESTRAMA IBÉRICA, S.L. e AQUANOR) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:55	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA249-E8C7D4-448EB8-DCG16F-ESGPD9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo total	Incremento prazo mínimo de garantía
1	AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L.	64.130,00	6 anos
2	SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	59.048,00	6 anos
3	AQUANOR, AGUAS DEL NOROESTE, S.L.	61.595,27	2 anos

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. Tras a súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir a AQUANOR, AGUAS DEL NOROESTE, S.L. neste procedemento por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Conceder un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

- AQUATIC INSTALACIONES DEPORTIVAS, S.L.: deberá achegar o anexo VI do PCAP (grupo de empresas) e un novo DEUC no que indique:
 - Na parte II se participa con outros no procedemento (en UTE) e se se basea na capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección (isto é, se concorre con solvencia de terceiros).
 - Se o licitador concorrera a esta licitación en UTE deberá presentar ademais o DEUC da outra empresa e o anexo II do PCAP. Se concorrera con solvencia de terceiros tamén deberá presentar o DEUC da outra empresa e o anexo IV do PCAP).
 - Cumprimentar a parte III “motivos de exclusión”
 - Cumprimentar a parte IV “criterios de selección”. O licitador declarou a solvencia económica pero non a técnica.
 - Infórmaselle que cumprimentando afirmativamente a “*Parte IV: Criterios de selección / a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección / Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos / Indique la respuesta*” enténdese que posúe a solvencia técnica e económica esixida no PCAP.
- SESTRAMA IBÉRICA, S.L.: deberá achegar o anexo VI do PCAP (grupo de empresas) e un novo DEUC no que declare se dispón da solvencia técnica esixida no PCAP.

Infórmaselle que cumprimentando afirmativamente a “*Parte IV: Criterios de selección / a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección / Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos / Indique la respuesta*” enténdese que posúe tanto a solvencia económica como a técnica esixida no PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:55	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA249-E8C7D4-448EB8-DCG16F-ESGPD9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (MARÍA DEL MAR DE VILLA, S.L. e MIGUEL TORRES ÁLVAREZ) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor). Á vista da documentación presentada, a Mesa acorda, por unanimidade,

- a) Admitir neste procedemento a MARÍA DEL MAR DE VILLA, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Outorgar un prazo de tres días a D. MIGUEL TORRES ÁLVAREZ para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá achegar un novo DEUC debidamente cumprimentado, posto que no xa presentado non se cubriron as partes III (motivos de exclusión) e IV (criterios de selección).

Infórmase que cumprimentando afirmativamente a *“Parte IV: Criterios de selección / a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección / Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos / Indique la respuesta”* enténdese que posúe tanto a solvencia técnica e económica como a habilitación profesional esixida no PCAP.

Se ben a solvencia económica foi declarada nun documento aparte e acreditada a habilitación profesional, a documentación presentada en relación coa solvencia técnica non permite comprobar se o licitador realizou servizos o traballos similares aos do obxecto do contrato nalgún dos últimos tres anos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato (cláusula 8.5.3º do PCAP).

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:55	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA249-E8C7D4-448EB8-DCG16F-ESGPD9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión de Desenvolvemento Local e Emprego e a técnica de Administración xeral - por atribución temporal de funcións do xefe de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o 8 de maio de 2019 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Así mesmo, informa que en cumprimento do acordado pola Mesa na sesión do 30 de abril de 2019, se concedeu un prazo de tres días á UTE ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A. e EBONE SERVICIOS EDUCACIÓN DEPORTE, S.L. para que aclarase a porcentaxe de participación de cada unha das empresas na UTE. Durante o prazo concedido, ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A. presentou un novo DEUC no que indica que a porcentaxe é do 60% (ACCIONA) - 40% (EBONE).

A continuación, entrégase o informe asinado polo director técnico - adxunto á xefatura do Servizo de Deportes o 13 de maio de 2019 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos edificios dos centros municipais de distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (8.348-320)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Redución do tempo de resposta ante incidencias	
			Non consideradas graves (Inferior a 72 h)	Consideradas graves (Inferior a 12 h)
1	CLECE, S.A.	69.312,67	10 horas	2 horas
2	E7 2014, S.L.	78.408,00	12 horas	1 hora



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:55	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA249-E8C7D4-448EB8-DCG16F-ESGPD9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D. Miguel Rodríguez Vijande, con DNI **.95.78* e D^a. Patricia Candal López, con DNI **.03.14*, ambos en representación de CLECE, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da Concellería de Deporte (2.496-611)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo total funcionamento e mantemento das instalacións obxecto do contrato	Prezo unitario monitor para aboamento servizos técnico-deportivos e docentes	Incremento destinado á substitución materiais non funxibles	Incremento póliza responsab. civil	Incremento experiencia mínima responsable contrato
1	FCC AQUALIA, S.A.	5.015.126,76	20,63	15.000,00	6.000.000,00	5 anos
2	CLECE, S.A.	5.157.744,40	20,90	18.500,00	116.000.000,00	5 anos
3	UTE ACCIONA FACILITY SERVICES, S.A. e EBONE SERVICIOS EDUCACIÓN DEPORTE, S.L.	4.966.636,59	20,07	12.500,00	500.000,00	5 anos

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado e a descomposición dos custos imputable por cada instalación obxecto do contrato esixidos no PCAP.

Asisten á apertura D^a. Thania Camado Patoriza, con DNI **.32.95*, en representación de FCC AQUALIA, S.A.; D. Miguel Rodríguez Vijande, con DNI **.95.78* e D^a. Patricia Candal López, con DNI **.03.14*, ambos en representación de CLECE, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

10.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) (lotes 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto o 13 de maio



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:55	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA249-E8C7D4-448EB8-DCG16F-ESGPD9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de 2019 por AVENTEIRA, S. COOP. GALEGA contra o acordo de non exclusión do procedemento de DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) e SERVIPLUSTOTAL, S.L. dos lotes 4 e 5. A Mesa acorda deixar este asunto pendente de estudo.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441)”

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441)”

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Valor da baixa
1	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	119.964,61 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	112.797,72 €
3	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	103.730,03 €
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	98.647,73 €
5	HORDESCON, S.L.	98.428,35 €
6	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	97.623,86 €
7	OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	89.360,66 €
8	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	80.548,91 €



	Licitadores	Valor da baixa
9	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	78.647,62 €
10	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	76.088,18 €
11	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	65.485,05 €
12	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	52.689,63 €
13	CIVIS GLOBAL, S.L.	48.556,04 €
14	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	34.186,67 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA, o día 26 de abril de 2019, que presenta a documentación requirida o 9 de maio de 2019, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 14 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:55	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA249-E8C7D4-448EB8-DCG16F-ESGPD9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



LIMITADA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 24 de abril de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA o procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441) por un prezo total de 245.668,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 42.636,63 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

12.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.801-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:55	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA249-E8C7D4-448EB8-DCG16F-ESGPD9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.801-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.801-446).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 24 de abril de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 9 de maio de 2019.

Terceiro.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 13 de maio de 2019:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 24-04-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Xestión de residuos vexetais que se xeran como consecuencia das labores de poda e mantemento de zonas verdes do parque de O Castro e do parque de Castrelos que leva a cabo o Servizo de Montes Parques e Xardíns.. EXPTE. 11801-446” que rematou o día 9 de maio do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, non se presentou ningunha oferta”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro Xeral o 13 de maio de 2019, procede declarar deserto este procedemento.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de retirada e xestión de residuos vexetais (11.801-446) por non terse presentado proposición ningunha en prazo”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:55	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA249-E8C7D4-448EB8-DCG16F-ESGPD9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 11:55	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA249-E8C7D4-448EB8-DCG16F-ESGPD9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		